coop57 SCCL
servizos financeiros éticos e solidarios

boletín informativo

segundo semestre 2020

39

dar resposta

editorial

Desde a primavera de 2020, a pandemia da COVID-19 alterou as nosas vidas de arriba abaixo e deixou moita xente á intemperie. Durante o ano, a economía viuse afectada de maneira desigual, dependendo do sector de actividade. En particular, o segundo trimestre viuse paralizada, con afectacións en moitísimos sectores e postos de traballo. O PIB caeu un 11% e o paro situouse por riba do16%.

Certo é que os ERTOS evitaron, de momento, que estas cifras sexan moito peores, pero igualmente un gran número de traballadoras temporais e cos salarios máis baixos foron expulsadas do mercado de traballo. En momentos de crise laboral, a maior parte dos seus efectos negativos absórbenos os traballos onde adoitan estar sobrerrepresentadas as capas máis vulnerábeis da sociedade. Así, os datos de desocupación elévanse até o18% cando se refire ás mulleres (comparado cun 14% dos homes) e até o 40% cando se trata de menores de 25 anos. No caso de persoas migrantes, o 2020 pechouse cun 37% máis de paradas que o 2019.

Confináronnos nos nosos fogares sen pensar nas persoas en situación de sinfogarismo. E os propios mecanismos do sistema agudizan o problema, de maneira criminal, incluso no contexto actual: 30.000 desafiuzamentos en 2020 no estado español. Máis de 80 execucións diarias.

De cada crise sáese máis desigual. E isto no é culpa do virus. O sistema susténtase e resiste a expensas dos más vulnerábeis.

A outra cara do sistema: o número de *milmillonarios* aumenta un 30% en 2020, até chegar ás 2.755 persoas, o 86% destas viron crecer a súa fortuna no último ano. En total, acumulan 13 billóns de dólares. En comparación, o PIB do estado español é de 1,3 billóns de dólares e o de toda a zona euro é de 11,3 billóns de dólares. Todo dito.

A través da fórmula de avais públicos, especialmente avais ICO, canalizáronse máis de 120.000 millóns de euros en préstamos durante a pandemia, dando liquidez ás empresas e permitindo que moitas seguiran funcionando, por agora. Pero o equilibrio entre a acumulación de débeda e as axudas directas foi desastroso. Pode provocar unha situación moi complicada nos próximos anos, xa que moitas empresas verán a súa viabilidade marcada pola devolución dunha débeda que non se poderá asumir en todos os casos.

Se os préstamos no se devolven, quen asumirá as perdas serán as finanzas públicas. Como sempre pasa coa banca convencional, socialízanse as perdas e privatízanse as ganancias.

Nesta liña o balance é o habitual: a banca española gaña 2.600 millóns en intereses só polos préstamos avalados polo Estado. Pero, como se comportará a banca especuladora cando desaparezan estes avais públicos? Seguirán dando financiamento? Ou aplicarán aquel dito que di que, un banco dáche un paraugas cando vai sol e quítacho cando chove? Os antecedentes non son moi alentadores.

Coop57, en cambio, é unha ferramenta comunitaria ao servizo da economía solidaria e transformadora. O beneficio económico non guía a actividade da cooperativa senón que o fai o beneficio colectivo. Durante o 2020, a nosa obsesión foi, sobre todo, unha: dar resposta.

Dar resposta ás necesidades da economía transformadora, que constrúen unha economía baseada nas persoas. Intentar adaptarnos ás novas realidades das socias de Coop57 para ser unha ferramenta útil. Unha ferramenta que é súa e que vela polos seus intereses e non polos de accionistas que só buscan o beneficio sen identificarse nin dar importancia á actividade levada a cabo, ni baixo que condicións nin con que consecuencias. En cambio, en Coop57 este é o núcleo que guía a nosa acción.

Dito en cifras: en 2020, máis de 100 préstamos refinanciados por valor de 4,5 millóns de euros e 271 novos préstamos concedidos por un valor de 17'6 millóns de euros.

Desde Coop57 seguimos convencidas, máis que nunca, que hai que construír unha economía para as persoas, respectuosa coa contorna e que non deixe ninguén atrás. E dirixir o aforro popular cara ao financiamento de proxectos que constrúan outra maneira de producir e consumir. Que desenvolva un modelo económico e produtivo pensado para cubrir as necesidades de todo o mundo.

Veñen anos de loita e resistencia. De construción e consolidación de alternativas. Desde a economía solidaria temos que pensar ben que resposta queremos dar e cara onde queremos dirixirnos. É imprescindíbel facelo desde os principios da solidariedade, cooperación, intelixencia colectiva e comunidade.

Peche do ano 2020

Un ano para se adaptar, un ano para avanzar

En tempo de pandemia as previsións pasaron a ser máis líquidas que nunca. E a capacidade de adaptarse a novas realidades agudizouse. O 2020 viuse cambiado de arriba abaixo pola repentina situación na que nos encontramos. Adaptar, en tempo récord, os procesos sociais, técnicos, económicos e políticos, ademais de manter os procesos e a toma de decisións colectivas que caracterizan Coop57. O plan de traballo para o 2021, a pesar do contexto, construíuse coa mesma vontade de sempre e marca as grandes liñas e prioridades a traballar durante o ano.

datos 2020

Total de novas socias colaboradoras	404
Total de novas socias de servizos	79
Total de novos préstamos concedidos	271
Valor dos préstamos concedidos	17.568.907 €
Saldo vivo de préstamos (31/12/2020)	25.370.095 €
Incremento respecto ao ano anterior	+17%

2020: Balance dun ano diferente

Comezou co desenvolvemento habitual, celebrando as asembleas pertinentes do primeiro trimestre, aprobando un plan de traballo e un presuposto. En xeral, collendo forzas para seguir traballando un ano máis para a transformación social e económica da nosa sociedade.

Porén, o mes de marzo todo cambiou. De súpeto, estabamos pechadas en casa. Sen poder saír. Sen poder ir traballar, sen poder ver amizades, familiares, amigos e amigas, compañeiras de traballo. O mundo cambiara e aínda non o sabiamos. As nosas vidas e as nosas relacións humanas, afectivas e profesionais xa no podían ser as de sempre. Custa facer memoria cando as cousas pasan tan intensamente pero, nun inicio, as medidas de prevención pola COVID-19 tiñan unha vixencia de 15 días. En xeral, pensábase que aquela situación tan extrema non podía durar demasiado. Parecíanos que aquilo sería pasaxeiro e fácil de reverter. Pero pouco a pouco entendemos que xa todo se vería afectado por estas circunstancias.

Desde Coop57, como sempre, a resposta da súa base social foi inmediata, profunda, comprometida e solidaria. As persoas vinculadas aos órganos e comisións de traballo, así como o equipo técnico, envorcáronse en readaptar o máis rápido e coa maior calidade posíbel os procesos sociais, técnicos, económicos e políticos. Gravámonos, a lume, un lema: Coop57 dar resposta. Tiñamos que seguir sendo unha ferramenta útil ao servizo dos movementos sociais e da economía social e solidaria. Tanto Coop57 como a súa Fundación creron necesario orientar as súas forzas e atender as novas necesidades xurdidas da crise pandémica.

En dous meses, refinanciáronse uns 100 préstamos por valor de máis de 4,5 millóns de euros, aprazando o retorno das cotas até que se puidese reverter a situación actual. Igualmente, o funcionamento ordinario tiña que continuar, tanto as novas altas de socias colaboradoras e as novas achegas de capital, como a avaliación e aprobación de novas socias de servizos e de novos préstamos. As comisións sociais, técnicas e consellos de cada sección territorial encontraron a maneira de seguir funcionando de maneira participativa, democrática e transparente, pese á distancia. A implicación de



todas as persoas e entidades nestes órganos, imprescindíbeis polo funcionamento de Coop57, foi impresionante.

As persoas das estruturas técnicas viron borradas as liñas que separaban a vida persoal e profesional e fixéronse todos os equilibrios e esforzos para que a caldeira tivese sempre combustíbel para seguir funcionando.

A resposta da base social de Coop57 tamén estivo á altura dos retos colectivos que apareceron. Entendendo e adaptándose tamén á nova situación, e implicándose nos proxectos de solidariedade e de apoio mutuo en que participou a Fundación Coop57 –como impulsora ou ben intercooperando con outras organizacións da ESS.

Medidas especiais COVID-19

Número de préstamos refinanciados 101

Volume dos préstamos refinaciados 4.698.607 €

Finalmente, as socias tamén responderon con moita implicación noutro dos novos retos: as asembleas. Por primeira vez na historia da cooperativa, no podían ser presenciais. Tíñanse que montar, en tempo récord, sistemas que garantiran o acceso universal, a veracidade dos votos e a participación directa da base social de Coop57. A primeira experiencia virtual de Coop57 foi moi positiva e fixéronse os procesos democráticos, garantindo os dereitos de todas as socias, tanto as colaboradoras como as de servizos.

Plan de traballo 2021

Plan de traballo 2021

O plan de traballo de 2021 ideouse desde a ambición de seguir mellorando e afondando nos obxectivos esenciais de Coop57 e ser unha ferramenta ao servizo da economía solidaria e a transformación social.

Ámbito social:

Traballarase en tres grandes eixes: ampliar a base social de Coop57 e fomentar a súa participación, empezar a estabelecer mecanismos de medida de impacto social da súa actividade e o perfeccionamento de todo o traballo sobre a definición dos criterios sociais que guían a valoración e seguimento das entidades e o seu potencial transformador.

Ámbito político:

Traballarase para iniciar unha reflexión estratéxica e participativa, especialmente nas respostas máis axeitadas que o novo contexto require para os próximos anos. Tamén en seguir reforzando as alianzas e relacións externas de Coop57. Á vez, decídese traballar desde a perspectiva feminista na promoción da igualdade efectiva dentro da cooperativa.

Ámbito económico:

A actividade crediticia de Coop57 seguirá traballando para satisfacer as necesidades financeiras das entidades e persoas socias, tanto nos servizos financeiros xa estabelecidos, como no deseño de todas aquelas novas solucións que aborden novas realidades e necesidades. Tamén se seguirá traballando con rigor para dispor dos recursos económicos e administrativos que garantan a sustentabilidade de Coop57.

25 anos e 1.001 entidades

Pechando o 25º aniversario de Coop57, superamos as 1.000 entidades. O destino fíxonos este agasallo e a efeméride coincidiu exactamente na fin do primeiro cuarto de século da cooperativa.



1.001 socias de servizos

4.686 socias colaboradoras

3.232 préstamos concedidos

135.388.300 euros en préstamos concedidos

As cifras non son máis que unha breve forma de plasmar a inmensa tarefa levada a cabo. Miles de persoas que dedicaron miles de horas a crear, definir, facer crecer e consolidar este proxecto que non é de ninguén pero é de todo o mundo.

Un esforzo colectivo para ter a disposición da economía social, solidaria e transformadora unha ferramenta pensada para axudar a construír unha economía pola vida.

E o motor deste cambio, o auténtico protagonista da transformación social son estas mil entidades que traballan para a creación de ocupación estábel e de calidade, impulsando proxectos que perseguen a sustentabilidade ambiental e a soberanía alimentar, residencial, tecnolóxica ou enerxética, traballando por toda forma de inclusión e reforzando a formación, a cultura e as artes como espazos de socialización e transformación.

Destaca unha predominancia de cooperativas e asociacións, posto que entre as dúas representan o 84% do total das entidades socias, seguidas de lonxe polas fundacións, empresas de inserción ou proxectos de autónomos. Predominan as dedicadas á atención de persoas e colectivos específicos onde 1 de cada 4 entidades socias teñen esta función na acción social.

Á vez, é destacábel contar cun centenar de entidades dos ámbitos da alimentación, a formación, a cultura transformadora ou espazos sociais e comunitarios que axudan a estruturar a economía solidaria e a vertebrar o territorio fomentando a participación colectiva.

25 anos e 1.000 entidades. Un gran punto e seguido para continuar facendo e demostrando que outra economía xa existe e que funciona.

Grazas por estar. Onte, hoxe e sempre!

Supermercados cooperativos

Encher o carro da compra de forma consciente e responsábel

Unha das máximas da economía social solidaria é que o noso consumo é transformador. Os supermercados cooperativos naceron para promover compras cotiás conscientes e para tecer unha rede entre produtoras e consumidoras. Son organizacións da ESS, onde o peso das decisións está nas consumidoras, á vez escoitando con moita atención as voces das produtoras os grupos de consumo agroecolóxico.

Combinando profesionalización con voluntarismo, estes proxectos implican as persoas que os conforman para que no sexan clientela pasiva, senón axentes activos en toda a estrutura. As socias son propietarias, consumidoras e traballadoras. Queren transformar o modelo de comercialización, venta e consumo dominantes, para pasar a unha opción comprometida coa contorna, transparente, sen afán de lucro, creativa e inclusiva.

Os estantes lembran as tendas de barrio de toda a vida, recuperando formas de facer tradicionais como a venda a granel e os envases reutilizábeis. Nos supermercados cooperativos podemos encher completamente o carro da compra e resolver todas as necesidades dun fogar, desde a cociña ao lavabo. Ofrecen xabóns, froitas e verduras, cosméticos, carne e peixe, conxelados, limpeza, latas de conservas... producidos poñendo a sustentabilidade e o benestar común como eixes centrais.

Todo isto, coa incorporación de produtos que as nosas avoas no tiñan na cesta da compra: tofu, utensilios de bambú, algas o kombucha. Varios supermercados cooperativos son socias de servizos de Coop57. Explicámosvos algúns proxectos nacidos recentemente.

Supermercado Cooperativo La Osa (Madrid)

La Osa abriu as súas portas en decembro. O proxecto nace da experiencia das socias con grupos de consumo ao calor do 15M (2011), que optaron por facer un salto cara a cooperativa de consumo e traballo. A través desta tenda física, mellorarán e ampliarán as súas actividades económicas no sector agroecolóxico e do comercio xusto. Combinando autoservizo e venta asistida. La Osa ofrece unha ampla gama para cubrir todas as necesidades da cesta da compra a un prezo accesíbel.

La Feixa (Catalunya)

Este ano abriu as súas portas en Mataró esta cooperativa de consumo sen ánimo de lucro, autoxestionada e participativa. Nace da necesidade dun cambio de escala das asociacións de consumidoras de produtos ecolóxicos na cidade. Prioriza produtores de proximidade e de proxectos de iniciativa social. Ademais, quere ser espazo de encontro e socialización.

Calquera persoa pode adquirir produtos, a pesar de que as socias consumidoras teñen un prezo máis reducido. Para financiar o proxecto, 92 persoas avalaron un crédito de Coop57 mancomunadamente e 57 subscribiron títulos participativos.

SupercoopManresa (Catalunya)

Aínda ten que abrir portas, pero xa conta con 700 socias que queren cambiar as formas de consumo actuais. Pon énfase en ofrecer produtos o menos procesados posíbel, saudábeis, que xeren o mínimo residuo e que coiden as condicións laborais de todas as persoas implicadas na cadea de produción. A apertura de Supercoop Manresa cada vez está máis cerca.

Comisión Feminista Somos Todas

O cooperativismo é unha peza chave na corresponsabilización dos coidados

A Comisión Feminista Somos Todas, que agrupa compañeiras das sete Seccións Territoriais, reflexionamos sobre a ampliación pública dos permisos de paternidade a partir de 2021. Preguntándonos como seguir afondando na capacidade transformadora do cooperativismo, facemos memoria dos pasos que xa se deron na nosa entidade.

Para favorecer a igualdade nos coidados, Coop57 aprobou en 2016 un permiso paternal intransferíbel para a o seu cadro de persoal de oito semanas, ininterrompidas ou non, durante o primeiro ano da criatura. Quedaban a cargo da cooperativa as seis semanas que non cubría a Seguridade Social nese momento.

Desde unha perspectiva da economía feminista e a do coidado, hai algunhas premisas que determinaron esta decisión. Primeiro, **a vulnerabilidade universal e a interdependencia que nos atravesa na nosa natureza como seres humanos. A humanidade require coidados ao longo de toda a vid**a, aínda que nalgúns momentos sexa de forma máis intensa. Sen dúbida, o nacemento e a primeira infancia son un claro exemplo. Por isto, **dado que o coidado é unha necesidade universal que nos atravesa a todas as persoas, todas deberiamos ter o dereito de recibilo e todas deberiamos comprometernos con prestalo.**

Segundo, desde a economía feminista vemos a necesidade de descentrar os mercados como eixes ordenadores das nosas vidas. Guiar os tempos da vida seguindo as necesidades do capitalismo vai en detrimento de garantir as necesidades básicas. **Pór o coidado no centro, como sinónimo de pór a vida no centro, non pode limitarse ao espazo individual e privado. Asumilo como unha responsabilidade de común é unha opción política colectiva.** Por isto, temos que dotarnos de mecanismos para corresponsabilizarnos do coidado entre fogares, comunidades, organizacións e políticas públicas.

Os permisos parentais ampliados permiten avanzar en varios sentidos. Para acabar coa feminización do coidado requírense medidas dirixidas á responsabilización masculina cos coidados. Tamén reforzan as capacidades das familias e facilitan que a crianza se dea de forma un pouco menos precaria. **Porén, están lonxe de cumprir coa idea de antepor a vida ao mercado. As dezaseis semanas de permiso non cobren as necesidades dos e das bebés e continúan forzando unha separación prematura coa nai que escolle estar ao seu lado.**

Cuarto, as medidas non deben pensarse a partir das necesidades do tempo de traballo: debe ser a persoa traballadora quen decida cando e como organizar o seu permiso. Así mesmo, a pesar da dimensión biolóxica da xestación, a ampliación de permisos debe ser tanto para as nais xestantes como para os pais ou nais non xestantes, xa que as tarefas do coidado de bebés son moito máis amplas.

En resumo, asumir como cooperativa a ampliación dos permisos parentais é unha forma de colectivizar o coidado, facilitando que este poida darse nos fogares -lugar idóneo nos primeiros meses de vida- e corresponsabilizándonos dos seus custes como organización. Neste sentido, a Comisión Feminista Somos Todas traballou durante o segundo semestre de 2020 para achegar propostas que amplíen as medidas positivas que xa están en marcha na nosa cooperativa. Esperamos que pronto dean froito e poidamos abordar tamén outros aspectos das necesidades de coidados.

Datos a 31 de Decembro de 2020

Novas altas e distribución de socias no territorio

Socias de servizos



	TOTAL	NOVAS ALTAS 2do semestre 2020
	1.001	36
Andalucía	83	4
Aragón	62	1
Asturies	20	1
Catalunya	646	19
Euskal Herria	39	5
Galiza	48	4
Madrid	93	1
País Valencià	10	1

Socias colaboradoras



	TOTAL	NOVAS ALTAS 2do semestre 2020
	4.686	185
Andalucía	314	19
Aragón	461	5
Asturies	72	9
Catalunya	2.957	107
Euskal Herria	159	11
Galiza	167	13
Madrid	454	13
País Valencià	102	8

Secciónes territoriais
Segundo semestre 2020

Nun momento marcado profundamente polos efectos adversos da pandemia e da crise socioeconómica, Coop57 seguiu traballando nos diferentes territorios para garantir as necesidades de financiamento das socias de servizos e para adaptar a capacidade de resposta ao complexo contexto. Así mesmo, acordáronse e ampliáronse períodos de carencias para entidades que están sufrindo o impacto da Covid-19 e as súas consecuencias.

coop57 Andalucía

314 SOCIAS COLABORADORAS

83 SOCIAS DE SERVIZOS

Durante o segundo semestre incorporáronse catro novas socias de servizos e dezanove socias colaboradoras. O financiamento concedido, en catro préstamos, ascende a 620.000 euros.

A segunda parte do ano supuxo a finalización da cociña industrial comunitaria no Polígono Sur de Sevilla, proxecto coparticipado entre Coop57 Andalucía –cun préstamo- e a Fundación Coop57 –cunha exitosa campaña de doazóns.

A Asociación Cultural Gitana Vencedores rematou as obras e a instalación de equipamento e maquinaria. En outono, arrincou a actividade de cociña, cun programa de garantía alimentar que serviu para ampliar e mellorar o anterior servizo, e á vez creou postos de traballo para persoas do barrio.

Estanse preparando comidas para 70 fogares, con alimentos de produción local e de contorno cooperativo do territorio.

coop57 Aragón

461 SOCIAS COLABORADORAS

62 SOCIAS DE SERVIZOS

Durante o segundo semestre de 2020, concedéronse catro préstamos novos, por un total de 467.380,75 euros. Son endosos de cobros pendentes coa administración pública para financiar investimentos. Déronse de alta cinco socias colaboradoras e una socia de servizos.

Desde Coop57 Aragón participouse en varios acontecementos e xornadas. Por exemplo, como relator nunha mesa redonda en liña na Semana do Emprendemento en Aragón, coa temática "Experiencias solidarias na pandemia: Entidades da ESS". Presentouse a experiencia de financiamento cooperativo nun programa de formación en economía social para mulleres do ámbito rural de varias comarcas aragonesas.

E participouse no encontro "Amasar cultura con economía social e solidaria: Mesturas que laudan", organizada en La Harinera de Zaragoza, dirixida a entidades culturais e da ESS, ademais das súas redes territoriais.

coop57 Asturies

72 SOCIAS COLABORADORAS

20 SOCIAS DE SERVIZOS

O segundo semestre incorporouse á sección unha nova socia de servizos e nove socias colaboradoras. Na actividade financeira, a cifra de préstamos suma 34.000 euros, repartidos en dous préstamos.

No ámbito interno, a sección organizou en setembro unha xornada de formación interna ("Coñecendo Coop57") para todas as persoas e entidades socias. Ademais, con motivo do Día Internacional da Soberanía Alimentar, organizouse unha charla sobre a relación deste dereito coa economía social e solidaria.

Nesta xornada afondouse na utilidade de Coop57 para as iniciativas que queren levar á práctica a soberanía alimentar en Asturies. A actividade estaba pensada para celebrarse de forma presencial no bosque de Fungi-Natur, socia de servizos asturiana, pero as medidas sanitarias forzaron a atrasala e celebrala finalmente de forma virtual o 3 de decembro.

Catalunya

2.957 SOCIAS COLABORADORAS

646 SOCIAS DE SERVIZOS

Durante o segundo semestre, sumáronse 107 novas socias colaboradoras e dezanove socias de servizos. En Catalunya, o valor total dos préstamos concedidos ascende a 7.881.540 euros.

A actividade centrouse na participación en charlas abertas na formación.

Por un lado, no marco da IX FESC -por primeira vez, en formato virtual-, participouse na Presentación do Barómetro das Finanzas Éticas desenvolvido por FETS e na charla "Finanzas éticas e solidarias ante a pandemia".

Tamén se participou nas Jornadas FinancESS organizadas polo Ateneu Cooperatiu de Terres Gironines. Outras formacións nas que se colaborou foron organizadas por CoopHalal e o Cercle de Migracions de Còopolis, e pola organización Kuskaya.

Euskal Herria

159 SOCIAS COLABORADORAS

39 SOCIAS DE SERVIZOS

Durante o segundo semestre de 2020, sumáronse á sección cinco novas socias de servizos e once socias colaboradoras. Na actividade crediticia, concedeuse un préstamo por valor de 30.000 euros.

Koop57 participou no programa Hauspotu, facilitando una liña de crédito de 250.000 euros de impulso a proxectos de ESS en varias comarcas de Euskal Herria despoboadas e con carencia de servizos. Participouse na charla "Financiamento da economía solidaria e reinvestimento social" organizada por REAS Euskadi e Alboan ONG, con experiencias de México, Nicaragua e Euskal Herria.

Tamén se colaborou economicamente na creación do fondo Olatukoop. Quere desenvolver mecanismos propios de intercooperación, mediante o mutualismo, a resiliencia da ESS e como instrumento para a autonomía en cooperación. Por iso, Koop57 Euskal Herria posibilitará unha liña de crédito.

Galiza

167 SOCIAS COLABORADORAS

48 SOCIAS DE SERVIZOS

Coop57 Galiza sumou catro novas socias de servizos e trece socias colaboradoras durante o segundo semestre de 2020.

Fixéronse cinco préstamos, por un importe total de 145.200 euros. Participouse na "Escola de economías transformadoras" da Mostra do Posíbel 2020, en Cangas. Ademais, compartiuse a experiencia de Coop57 Galiza nun encontro virtual coa Rede Portuguesa de Economía Solidaria. Espérase que esta relación teña continuidade e frutifiquen proxectos conxuntos coa ESS portuguesa.

Ademais, en novembro participouse no encontro en liña "Consumir local de costas aos monopolios", de Reas Galicia, e no Foro de Financiamento organizado pola Universidade de Santiago de Compostela coa Rede Eusumo.

Madrid

454 SOCIAS COLABORADORAS

93 SOCIAS DE SERVIZOS

Nesta segunda metade de 2020, concedéronse nove préstamos por un valor total de 675.814 euros. Sumáronse trece socias colaboradoras e unha socia de servizos nova.

La Osa Supermercado Cooperativo abriu as súas portas este decembro, grazas ao intenso traballo das socias que xestaron o proxecto e do financiamento colectivo desde as finanzas éticas arraigadas no territorio.

En Coop57 Madrid, o préstamo concedido a esta entidade foi de 311.677 euros. Durante o semestre participouse na III Edición de La Cooperadora de Economistas Sin Fronteras. Tamén se participou nas Jornadas Construyendo Alternativas, organizadas pola CGT Metal Madrid. Finalmente, Coop57 Madrid foi relatora na VI edición del "Curso de Comercio Justo y Consumo Sostenible" do Ayuntamiento de Madrid. A causa da excepcionalidade xerada pola pandemia, todos estes acontecementos foron virtuais.

Segundo semestre 2020
Novas socias de servizos e novos préstamos

NOVAS **36** ENTIDADES

NOVOS **131** PRÉSTAMOS

ANDALUCÍA

4 NOVAS ENTIDADES

4 NOVOS PRÉSTAMOS

620.000 € TOTAL DE NOVOS PRÉSTAMOS CONCEDIDOS

620.000 € EN PÓLIZAS DE CRÉDITO

PÓLIZAS DE CRÉDITO A: Asociación de Técnicos de Actividades Acuáticas del Aljarafe | Marinaleda S. Coop. AND | Asociación Ponte, Iniciativas psicosociales | Asociación Acción Politeia

ASOCIACIÓN TRAPEROS HUELVA — NOVA

Entidade dedicada á reciclaxe, á reutilización e á educación ambiental, que promove a economía circular.

GESTIÓN Y DESARROLLO DE ECONOMÍA SOCIAL — NOVA

Cooperativa que asesora e acompaña entidades da ESS.

COOPERATIVA DE JURISTAS — NOVA

Cooperativa de profesionais da avogacía, especializada na defensa dos dereitos das traballadoras.

CHUITOS ESCUELA INFANTIL — NOVA

Centro de educación infantil cooperativo de Córdoba. O seu obxectivo é dotar o alumnado dunha educación plena na primeira infancia.

ARAGÓN

1 NOVA ENTIDADE

4 NOVOS PRÉSTAMOS

467.380 € TOTAL DE NOVOS PRÉSTAMOS CONCEDIDOS

438.000 € EN PRÉSTAMOS DE INVESTIMENTO

9.380 € EN PRÉSTAMOS DE TESOURARÍA

20.000 € EN AVANCE DE SUBVENCIÓNS

RECREANDO ESTUDIO CREATIVO — NOVA

Estudo interdisciplinario, fundado en 2015 en Zaragoza, que ofrece servizos de deseño, obradoiros, dinamización e difusión, entre outros.

ALGO NUEVO, Empresa de Inserción

18.000 € + 420.000 € Préstamos de investimento

Proxecto localizado en Salamanca, dirixido á inserción laboral de persoas en situacións vulnerábeis. Un préstamo financia a adquisición dunha furgoneta para o reparto dos servizos de cátering da entidade. O outro, a adquisición dunha nave industrial, con instalacións e maquinaria para desenvolver a actividade de cátering.

IMPRENTA PAPELERÍA GERMINAL

9.380 € Préstamo de tesouraría

Proxecto iniciado en 1986 e pioneiro no tratamento dixital e no uso de papel reciclado. O préstamo serve para financiar as tensións de tesouraría xerados pola crise da Covid-19.

LA BEZINDALLA Sociedad Cooperativa

20.000 € Avance de subvencións

Cooperativa constituída en 2014, dedicada á intervención comunitaria e a participación cidadá. O préstamo avanza unha subvención concedida polo Ayuntamiento de Zaragoza para desenvolver a actividade da entidade.

ASTURIES

1 NOVA ENTIDADE

2 NOVOS PRÉSTAMOS

34.000 € TOTAL DE NUEVOS PRÉSTAMOS CONCEDIDOS

34.000 € EN PÓLIZAS DE CRÉDITO

PÓLIZAS DE CRÉDITO A: Finca el Cabillón | Kikiricoop,S.Coop.Ast

IDENTIDAD PARA ELLOS Y ELLAS — NUEVA

Asociación en Xixón, creada en 2020 para ofrecer á xuventude ex tutelada un apoio integral para garantir os seus dereitos e a plena incorporación social.

CATALUNYA

19 NOVAS ENTIDADES

105 NOVOS PRÉSTAMOS

7.881.540 € TOTAL DE NOVOS PRÉSTAMOS CONCEDIDOS

1.107.200 € EN PRÉSTAMOS DE INVESTIMENTO

1.048.058 € EN PRÉSTAMOS DE TESOURARÍA

2.071.282 € EN AVANCES DE SUBVENCIÓNS

55.000 € EN ENDOSO DE FACTURAS

871.000 € EN PRÉSTAMOS DE VIVENDA

550.000 € EN PRÉSTAMOS DE ENERXÍA

2.179.000 € EN PÓLIZAS DE CRÉDITO

PÓLIZAS DE CRÉDITO A: L'Apòstrof, SCCL | Biciclot, SCCL | Casal dels Infants per a l'Acció Social als Barris | La Ciutat Invisible, SCCL | C.I.P.S Can Capablanca - Nou Indret, SCCL | Andròmines Eines Assolides E.I. | Celobert, arquitectura, enginyeria i urbanisme, SCCL | Centre d'Estudis de l'Hospitalet | Drac Màgic | Labcoop, SCCL | LaCol, SCCL | Associació Catalana de Premsa Gratuïta i Mitjans Digitals (AMIC) | Nou Patufet, SCCL | Arrels Fundació | Associació Tantàgora Serveis Culturals | Spora Sinergies, SCCL | Cierto Estudio, SCCLP | Labaula Arquitectes, SCCLP | Irídia, Centre per la Defensa dels Drets Humans | Ninkasi, SCCL | Fundació Privada Mambré | ILabso, SCCL | Moviment d'Esplai del Vallès | Malarrassa, SCCL | Obertament, Associació Catalana per la lluita contra l'estigma en salut mental | Terra d'Escudella Produccions Gastronòmiques i Culturals, SCCL | Fundació Privada Ared | Eixida del Teler, SCCL

9.868.899 €
EN PRÉSTAMOS CONCEDIDOS

AIXADA, SCCL

5.000 € Préstamo de investimento

Asociación que promove o consumo agroecolóxico de produtos locais. O préstamo financia a adquisición dunha furgoneta para distribuír as súas froitas e verduras.

AMPA JOAQUIM RUYRA, ESCOLA DE VIDA NOVA

40.000 € Avance de subvención

Asociación de Nais e Pais da Escola Joaquim Ruyra, de L'Hospitalet de Llobregat. O préstamo avanza unha subvención municipal para desenvolver o proxecto "Escuela de vida".

ASSOCIACIÓ CARAMELLA

8.058 € Préstamo de tesouraría

Asociación que impulsa a creación da revista de música e cultura popular 'Caramella'. O préstamo financia as tensións de tesouraría xeradas pola crise da Covid-19.

ASSOC. FRANCESCA BONNEMAISON

15.000 € Endoso de facturas

O préstamo avanza o importe das facturas emitidas ao Institut Català de la Dona para desenvolver proxectos de defensa dos dereitos das mulleres.

ASSOCIACIÓ MIGRACIÓ I ECONOMIA SOCIAL I SOLIDÀRIA (MIGRESS) NOVA

70.500 € Avance de subvención

Quere promover a participación de persoas migrantes na ESS. O préstamo avanza unha subvención do Ajuntament de Barcelona para proxectos de inserción laboral.

ASSOCIACIÓ TANTAGORA

20.000 € Préstamo de tesouraría

Espazo de creación de formas de promover a literatura a través do traballo con outras disciplinas artísticas. O préstamo financia as tensións de tesouraría xeradas pola crise da Covid-19.

ASSOCIACIÓ TAULA EIX PERE IV NOVA

Formada por veciñas, colectivos e entidades de Poblenou (Barcelona), fai dinamización comunitaria, incidencia política e activación de espazos en desuso.

CENTRE DE LLEURE TU TRIES NOVA

Asociación de Terrassa fundada en 2012 que traballa no ocio educativo e sociocultural, atendendo a persoas do ámbito da diversidade funcional e a saúde mental.

CENTRE EXCURSIONISTA DEL PENEDÈS

441.000 € Préstamo de locais de entidades

Entidade creada en 1975 para o fomento e práctica continuada da actividade física, deportiva e cultural. O préstamo financia a compra e rehabilitación de dúas fincas para a nova sede social do proxecto.

CERVESA ARTESANA ESTRELLA NEGRA, SCCL

110.000 € Préstamo de investimento

Cooperativa formada por colectivos de cariz libertario que elabora cervexa artesá seguindo procesos tradicionais. O préstamo financia as obras de adecuación do obradoiro e do novo punto de distribución.

CIEMEN

50.000 € Préstamo de tesouraría

Entidade da sociedade civil catalá que traballa para difundir o coñecemento dos pobos e nacións sen estado. O préstamo financia as tensións de tesouraría xeradas pola crise da Covid-19.

COLORAC, SCCL NOVA

60.000 € Préstamo de investimento

Proxecto en Badalona creado a partir dun proceso de reconversión en cooperativa de traballo. Fabrica mostrarios de cores, carteis e expositores. O préstamo financia a recuperación da actividade produtiva.

CULTURA 21, SCCL

127.800 € Préstamo de investimento

Cooperativa de traballo asociado localizada en Manresa, dedicada á xestión e dinamización cultural. O préstamo financia a compra traspaso dun fondo editorial de publicacións universitarias.

DBCOOP, SCCL

50.000 € Préstamo de tesouraría

Cooperativa especializada en producións gráficas, impresión dixital e *offset*. O préstamo financia as tensións de tesouraría xeradas pola crise da Covid-19.

ESPAI LLAVORS, SCCL NOVA

35.000 € Préstamo de investimento

Libraría cooperativa e espazo comunitario integrado activamente no barrio de Collblanc de L'Hospitalet de Llobregat. O préstamo financia a posta en marcha do proxecto.

FEDERACIÓ D'ENTITATS AMIGUES CAN CAROL I CONSOLAT NOVA

A entidade, localizada no barrio barcelonés de Vallcarca, nace para protexer o patrimonio arquitectónico e promover a participación veciñal.

FEDERACIÓ D'ENTITATS SOCIOCULTURALS I DE LLEURE DE SANT ANDREU DE PALOMAR NOVA

40.000 € Avance de subvención

Organización de segundo grao formada por 31 entidades encargada da xestión comunitaria do Ateneu L'Harmonia. O préstamo avanza unha subvención do Ajuntament de Barcelona para desenvolver o proxecto.

FUNDACIÓ ELS TRES TURONS

170.000 € Préstamo de investimento

Entidade creada o ano 1985 en Barcelona, coa misión de apoiar a saúde mental comunitaria. O préstamo financia as obras de rehabilitación de dous locais para desenvolver a súa actividade.

FUNDACIÓ PRIVADA FORMACIÓ I TREBALL

200.000 € Préstamo de locais de entidades

Fundación creada o ano 1992 para formar e inserir laboralmente persoas en risco de exclusión social. O préstamo financia a rehabilitación das instalacións da sede central.

2.071.282 € EN AVANCES DE SUBVENCIÓNS EN CATALUNYA

ARRELS FUNDACIÓ	92.000 €	Generalitat de Catalunya	Atención a persoas en situación de sinfogarismo
	88.000 €	Generalitat de Catalunya	Atención a persoas en situación de sinfogarismo
ASSOCIACIÓ ADEFFA	29.000 €	Generalitat de Catalunya	Defensa do medio e espazos naturais protexidos
ASSOCIACIÓ ASPASIM	146.300 €	Generalitat de Catalunya	Servizos de Terapia Ocupacional e Fogares Residenciais
ASSOCIACIÓ DE PLANIFICACIÓ FAMILIAR DE CATALUNYA I BALEARS	38.280 €	Ajuntament de Barcelona	Fomento dos dereitos sexuais e reprodutivos
ASSOCIACIÓ DE SERVEIS JUVENILS LA MINA	8.500 €	Generalitat de Catalunya	Participación comunitaria
ASSOCIACIÓ GENERA	25.000 €	Generalitat de Catalunya	Prevención infección virus VIH
	21.590 €	Ministerio de Igualdad	Defensa dereitos das mulleres
	48.900 €	Ajuntament de Barcelona	Defensa dereitos sociais e laborais de traballadoras sexuais
ASSOCIACIÓ IRÍDIA	16.000 €	Ajuntament de Barcelona	Defensa dereitos humanos
ASSOCIACIÓ MARTINET SOLIDARI	20.000 €	Generalitat de Catalunya	Fortalecemento e recoñecemento do pobo xitano
ASSOCIACIÓ OBERTAMENT	100.000 €	Generalitat de Catalunya	Proxectos de fomento da saúde mental
	100.000 €	Generalitat de Catalunya	Proxectos de fomento da saúde mental
ASSOCIACIÓ PAISATGES VIUS	54.000 €	Generalitat de Catalunya	Proxectos de conservación da contorna natural
ASSOCIACIÓ SELVANS	18.900 €	Generalitat de Catalunya	Proxectos de conservación da biodiversidade
ASSOCIACIÓ SOCIOEDUCATIVA NOUSOL	14.500 €	Diputació de Girona	Proxectos de inclusión social
	7.850 €	Diputació de Girona	Proxectos de inserción sociolaboral
ASSOCIACIÓ SODEPAU	35.000 €	Ajuntament Barcelona	Fomento cultura e artes audiovisuais
ASSOCIACIÓ SUBMÓN	17.750 €	Generalitat de Catalunya	Conservación dos ecosistemas mariños
ASSOCIACIÓ TERRITORI DE MASIES	18.300 €	Generalitat de Catalunya	Produtos de proximidade e consumo responsábel
ASSOCIACIÓ UPEC	10.000 €	Diputació de Barcelona	Formación e ensino
ATENEU POPULAR ZONA FRANCA	20.000 €	Ajuntament de Barcelona	Desenvolvemento comunitario
BICICLOT, SCCL	40.500 €	Generalitat de Catalunya	Fomento mobilidade sustentábel
CASAL LAMBDA	8.000 €	Generalitat de Catalunya	Defensa dereitos persoas LGBTI
CENTRO CULTURAL GITANO LA MINA	35.000 €	Ajuntament de Barcelona Generalitat de Catalunya	Fomento das artes xitanas e o canto flamenco
COMITÈ PRIMER DE DESEMBRE	34.650 €	Generalitat de Catalunya	Prevención VIH
ESGUARD, SCCL	43.200 €	Ajuntament de Barcelona	Ocio infantil de verán
FAGIC	100.000 €	Generalitat de Catalunya	Promoción da cultura xitana
FEDERACIÓ SALUT MENTAL DE CATALUNYA	100.000 €	Diputació de Lleida	Proxectos de fomento da saúde mental
FEDERACIÓ TORRE DE LA SAGRERA	29.111 €	Ajuntament de Barcelona	Proxecto cun modelo de xestión cívica e comunitaria
FORESTERRA, SCCL, empresa d'inserció	24.841 €	Generalitat de Catalunya	Proxectos de inclusión social
FUNDACIÓ PRIVADA EMYS	16.065 €	Generalitat de Catalunya	Proxecto 'Escuela de Naturalistas'
FUNDACIÓ PRIVADA PERE CLOSA	80.000 €	Generalitat de Catalunya	Promoción escolar alumnado pobo xitano
FUNDACIÓ PROJECTE MIRANDA	33.176 €	Generalitat de Catalunya	Proxectos de desenvolvemento rural
IMPULSEM, SCCL	15.000 €	Generalitat de Catalunya	Proxectos de emprendedoría social
	20.000 €	Generalitat de Catalunya	Proxectos de inserción social
INSERCOOP, SCCL	85.000 €	Generalitat de Catalunya	Fomento de inserción sociolaboral
L'OLIVERA, SCCL	25.000 €	Associació COCEDER	Proxecto 'Luz de Todos' de cooperación en Guatemala
LA SARGANTANA DALT DE LA VILA SCCL	97.000 €	Generalitat de Catalunya	Fomento da economía social e do cooperativismo
TERRITORI DE MASIES, SCCL	24.000 €	Generalitat de Catalunya	Produtos de proximidade e consumo responsábel
XARXA D'ECONOMIA SOLIDÀRIA	70.000 €	Ajuntament de Barcelona	Promoción da Economía Social e Solidaria

FUNDACIÓ PRIVADA IDEA

250.000 € Préstamo de tesouraría

Fundación dedicada á promoción e defensa dos dereitos da infancia. O préstamo financia as tensións de tesouraría xeradas pola crise da Covid-19.

FUNDACIÓ ORFEÓ GRACIENC

125.000 € Préstamo de investimento

Entidade fundada en 1904 que impulsa e promove toda iniciativa cultural, especialmente a música. O préstamo financia a rehabilitación da sede.

FUNDACIÓ PRIVADA INTEGRA PIRINEUS NOVA

110.368 € Avance de subvención

Entidade arraigada no Alt Urgell que contribúe á inserción sociolaboral a través de proxectos de xestión forestal. A subvención axuda ao desenvolvemento da actividade.

FUNDACIÓ VIDABONA

100.000 € Préstamo de investimento

Fundación impulsada para colaborar na implementación de El Camí, unha ruta de sendeirismo cultural. O préstamo financia as obras de rehabilitación do Centre Mas El Negre, localizado no municipio de Ogassa (Ripollès).

GERARD BATALLA I TÀSIES NOVA

Campesiño autónomo dedicado á agroecoloxía e á transformación e distribución da produción, que forma parte do proxecto de conservación de variedades antigas "Culturas Encontradas".

GESTIÓ DE PUBLICACIONS LOCALS, SCCL

50.000 € Préstamo de tesouraría

Cooperativa dedicada á venda de publicidade para o financiamento de publicacións periódicas de entidades, concello, etc. O préstamo financia as tensións de tesouraría xeradas pola crise da Covid-19.

INCOOP, SCCL

200.000 Préstamo de tesouraría

Cooperativa de traballo e de consumo que desenvolve proxectos e servizos educativos, culturais e sociais. Os préstamos financian as tensións de tesouraría xeradas pola crise da Covid-19.

INSERCOOP, SCCL

65.000 € Préstamo de tesouraría

Cooperativa que ofrece un servizo de apoio educativo e de calidade para a inserción sociolaboral. O préstamo financia as tensións de tesouraría xeradas pola crise da Covid-19.

INSTITUT DIVERSITAS NOVA

Promove a diversidade e ofrece ferramentas para a súa xestión en diversos ámbitos sociais.

LA FEIXA, SCCL NOVA

46.000 € Préstamo de investimento

Cooperativa de consumo sen ánimo de lucro, cun modelo autoxestionado e participativo. O préstamo financia a posta en marcha do proxecto de supermercado cooperativo e apertura de local situado en Mataró.

LA PROVIDÈNCIA TAVERNA NOVA

Un espazo de encontro no casco vello de Valls, que ofrece viños, espumosos, cervexas artesás, cavas, licores e queixos de produción local e sustentábel.

L'EIXIDA DEL TELER, SCCL NOVA

Cooperativa de traballo en Sabadell que acompaña e asesora cooperativas en formación ou xa consolidadas.

LLAR JOVE MARINA DEL PRAT VERMELL – LA CHALMETA NOVA

Cooperativa de vivendas para 32 unidades de convivencia nun solar municipal en cesión de uso en Barcelona.

LLEURE QUALIA, SCCL

85.000 € Préstamo de tesouraría

Cooperativa de traballo especializada no ámbito de ocio e a educación. O préstamo financia as tensións de tesouraría xeradas pola crise da Covid-19.

L'OLIVERA, SCCL

20.000 € Préstamo de tesouraría

Cooperativa que elabora viños e aceites. Incorpora persoas con dificultades de inserción sociolaboral. O préstamo financia as tensións de tesouraría xeradas pola crise da Covid-19.

ORATGE ASSOCIACIÓ NOVA

40.000 € Endoso de facturas

O préstamo avanza o importe das facturas emitidas á Associació ASPASIM para desenvolver proxectos de atención a colectivos vulnerábeis con discapacidade intelectual.

PASSAR VIA, EMPRESA D'INSERCIÓ

68.000 € Préstamo de investimento

Empresa que promove a inserción laboral no mercado de traballo ordinario a persoas con dificultades. O préstamo financia as obras de rehabilitación e adecuación dun local para desenvolver a actividade.

POC A COOP, SCCL NOVA

195.000 € Préstamo de vivenda

Cooperativa de consumidoras e usuarias que buscan unha forma de acceso á vivenda que pase pola resolución colectiva. O préstamo financia a adquisición e rehabilitación dunha finca para levar a cabo o proxecto.

PRODUCCIÓ DE DERIVATS DEL CACAU NOVA

Cooperativa que elabora chocolate artesán con cacao sustentábel, nun obradoiro propio situado en Mallorca.

PRODUCCIÓ D'ENERGIA MARESME 128, SCCL

550.000 € Préstamo de enerxía

Entidade impulsada pola Comunidad de Propietarios Maresme 128 de Barcelona; quere actuar como comunidade enerxética local. O préstamo financia a rehabilitación enerxética do predio.

REBOST MOLSA, SCCL NOVA

129.000 € Préstamo de investimento

Cooperativa de tendas de barrio de alimentación agroecolóxica e produtos sustentábeis. O préstamo servirá para financiar o arranque dunha tenda *online* e a adecuación do novo almacén.

SAPIENS, SCCL

250.000 € Préstamo de tesouraría

Editora das revistas en catalán con maior difusión en tres áreas diferentes: cultura, ocio e turismo. O préstamo financia as tensións de tesouraría xeradas pola crise da Covid-19.

SÒL BEN MOLL NOVA

25.000 € Préstamo de investimento

Proxecto agroecolóxico e de permacultura en El Maresme. O préstamo financia a posta en marcha do proxecto e o traspaso da antiga explotación agraria.

SOSTRE CÍVIC, SCCL

35.000 € Préstamo de locais de entidades

Quere promover un modelo alternativo de acceso á vivenda. O préstamo dota de liquidez para situacións urxentes e temporais das súas usuarias de vivendas sociais.

SUPERCOOP MANRESA NOVA

106.400 € Préstamo de investimento

Supermercado cooperativo en Manresa que apoia a produción sustentábel e local. O préstamo serve para financiar a posta en marcha do proxecto e as obras de adecuación do local da entidade.

VIURE JUNTES, SCCL NOVA

Proxecto de covivenda que desexa comprar e rehabilitar unha *masia* rural en La Llacuna, atendendo especialmente á sustentabilidade e ao impacto ambiental.

XARXA DE L'OBSERVATORI DEL DEUTE EN LA GLOBALITZACIÓ NOVA

Impulsada por la Xarxa per l'Abolició del Deute Extern, nace en 2000 para sensibilizar e incidir na promoción da xustiza social.

EUSKAL HERRIA

5 NOVAS ENTIDADES

1 NOVO PRÉSTAMO

30.000 € TOTAL DE NOVOS PRÉSTAMOS CONCEDIDOS

30.000 € EN PÓLIZAS DE CRÉDITO

PÓLIZAS DE CRÉDITO A: Aztiker Koop. Elk. Txikia

AZTIKER KOOP. ELK. TXIKIA NOVA

Cooperativa que desde 2007 ofrece asesoramento para a participación comunitaria, servizos de mediación e resolución de conflitos.

BIDEAN AGIÑARRON HERRI ELKARTERAKO NOVA

Asociación xuvenil que fomenta o traballo comunitario, actos culturais e dinamización do barrio de Aginaga en Usurbil.

GARAU, KOOP. ELK. TXIKIA NOVA

Produce bebidas vexetais a base de materias primas ecolóxicas e locais en Bergara, no Val do Deba.

SUDERGINTZA, KOOP. ELK. TXIKIA NOVA

Cooperativa feminista que promove a acción social para a construción de paz, convivencia e memoria, desde unha perspectiva integral de xénero.

SALHAKETA NAFARROA NOVA

Asociación anticarceraria e antipunitivista de apoio a persoas presas e ás súas familias, constituída en Navarra en 1988.

GALIZA

4 NOVAS ENTIDADES | **5** NOVOS PRÉSTAMOS

145.200 € TOTAL DE NOVOS PRÉSTAMOS CONCEDIDOS

99.100 € EN PRÉSTAMOS DE INVESTIMENTO

36.100 € EN AVANCE DE SUBVENCIÓNS

10.000 € EN PÓLIZAS DE CRÉDITO

PÓLIZAS DE CRÉDITO A: SOS Racismo Galicia

AS VACAS DA ULLOA, S. COOP. GAL. NOVA

Cooperativa de traballo que desenvolve un proxecto de transformación e comercialización de leite ecolóxica e produtos derivados.

AVENTEIRA, S. COOP. GALEGA NOVA

Cooperativa que ofrece servizos de ocio e educación para a infancia e a xuventude.

ARRAIANAS NOVA

16.100 € Avance de subvención

Asociación que traballa para a xustiza social e os dereitos humanos, con especial atención a colectivos migrantes e de mulleres. O préstamo avanza o importe dunha subvención da Xunta de Galicia para proxectos de loita antirracista.

ASOCIACIÓN PARA O COIDADO DA TERRA CARABEL DAS CABRAS NOVA

Granxa situada en Corme, que desexa garantir a sustentabilidade social e do territorio, preservando a vida comunitaria e as prácticas tradicionais.

TRES FUCIÑOS, S. COOP. GALEGA

24.100 € Préstamo de investimento

Cooperativa de pequenas produtoras de porco autóctono. Agrupa produtoras de todo o territorio galego. O préstamo financia a compra dun vehículo isotérmico.

LENTO, S. COOP. GALEGA

75.000 € Préstamo de investimento

Cooperativa de traballo que produce pan e repostaría de forma tradicional. O préstamo financia as obras dun obradoiro artesanal, a compra de maquinaria e o inicio da actividade.

SOS RACISMO GALICIA

20.000 € Avance de subvención

O préstamo avanza o importe da subvención outorgada pola Xunta de Galicia para proxectos de loita antiracista.

PAÍS VALENCIÀ

1 NOVA ENTIDADE | **1** NOVO PRÉSTAMO

14.963 € TOTAL DE NOVOS PRÉSTAMOS CONCEDIDOS

14.963 € EN AVANCE DE SUBVENCIÓNS

CASTELLÓ PER LA LLENGUA NOVA

14.963 € Avance de subvención

A plataforma nace da vontade de traballar para a normalización do *valencià* e para vivir plenamente a lingua. O préstamo avanza o importe da subvención concedida pola Generalitat Valenciana.

MADRID

1 NOVA ENTIDADE | **9** NOVOS PRÉSTAMOS

675.814 € TOTAL DE NOVOS PRÉSTAMOS CONCEDIDOS

311.667 € EN PRÉSTAMOS DE INVESTIMENTO

30.916 € EN PRÉSTAMOS DE TESOURARÍA

24.750 € EN AVANCE DE SUBVENCIÓNS

223.481 € EN ENDOSO DE FACTURAS

85.000 € EN PÓLIZAS DE CRÉDITO

PÓLIZAS DE CRÉDITO A: Espanica S. Coop. Madrid | Abierto Hasta el Amanecer S. Coop. Madrid | Freepress, S. Coop. Madrid

SUPERCOOP, SOC. COOP. MAD. NOVA

Supermercado cooperativo no barrio madrileño de Lavapiés, que desexa tecer unha rede veciñal implicada no consumo responsábel e sustentábel.

SUPERMERCADO LA OSA, S.COOP.MAD. NOVA

80.000 € + 231.677 € Préstamos de investimento

Primeiro supermercado cooperativo, participativo e sen ánimo de lucro en Madrid, baseado nos valores de calidade, produción ética, prezo xusto e comunidade. Os dous préstamos financian as obras e outros investimentos de inicio do proxecto.

DINAMIA S.COOP.MAD

30.916 € Préstamo de tesouraría

23.481 € Endoso de facturas

Cooperativa dedicada á consultaría social que traballa desde unha mirada solidaria e transformadoras. O primeiro préstamo reorganiza a estrutura financeira; o segundo, avanza facturas emitidas ao Ayuntamiento de Madrid.

EL CURRO DT S.COOP.MAD

24.750 € Avance de subvención

Compañía de danza e teatro presente desde hai anos nas salas alternativas madrileñas. O préstamo avanza unha subvención outorgada pola Comunidade de Madrid.

ASOCIACIÓN TRABE

24.750 € Avance de subvención

Traballa para contribuír ao cambio social e o empoderamento persoal colectivo, desde unha perspectiva de xénero. O préstamo avanza as facturas emitidas ao Ayuntamiento de Madrid para proxectos de defensa dos dereitos das mulleres.

Datos a 31 de Decembro de 2020

Saldo das achegas



	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Fondos propios	714.967	1.943.641	2.115.729	2.304.395	2.494.602	2.689.405	2.856.124
Fondos de garantía de préstamos	113.099	154.608	205.332	255.716	296.463	368.863	423.628
Achegas voluntarias socias de servizos e colaboradoras	23.875.531	28.230.851	30.641.020	32.942.060	35.434.833	39.039.530	43.677.587
TOTAL	**24.703.597**	**30.331.114**	**32.962.080**	**35.502.171**	**38.225.898**	**42.097.797**	**46.957.339**

Préstamos concedidos



	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Préstamos de investimento a curto e longo prazo	3.581.428	1.867.400	3.006.230	3.059.053	3.185.062	3.292.066	3.812.126
Préstamos de vivenda e locais de entidades	-	-	-	2.391.000	1.180.000	1.706.118	1.546.000
Pólizas de crédito e préstamos de tesouraría	402.000	1.052.570	931.030	1.988.428	4.628.094	6.121.200	7.349.915
Avances de financiamento	4.234.724	5.140.840	4.689.008	5.356.365	5.258.494	8.190.002	3.744.940
Préstamos de capitalización	0	606.300	265.000	526.000	318.360	38.000	97.664
Préstamos de enerxía	0	0	0	0	0	0	1.018.262
TOTAL NOVOS PRÉSTAMOS CONCEDIDOS	**0**	**8.667.110**	**8.891.267**	**13.320.846**	**14.570.010**	**19.347.387**	**17.568.907**
SALDO VIVO DE PRÉSTAMOS	11.574.576	11.602.568	13.199.144	16.633.159	19.256.271	21.773.691	25.370.095

FUNDACIÓN
FUNDACIÓ
FUNDAZIOA
FUNDACIÓN
coop57

A Fundación Coop57, unha ferramenta ao servizo dos movementos sociais

Durante 2020, a Fundación Coop57 xestionou un volume global de achegas de 524.251,33 euros recollidos en diversas campañas, das que moitas foron realizadas ombro con ombro co tecido cooperativista e os movementos sociais. A fundación foi unha ferramenta ao servizo das necesidades e das iniciativas da ESS, construíndo desde a intercooperación e a solidariedade.

A previsión para 2020 era que sería o ano de relanzamento da Fundación Coop57, no que imaxinar que camiños se querían percorrer e que iniciativas se querían retomar ou reforzar. Agora ben, como para todo o mundo, o estalido da pandemia supuxo unha viraxe de 180° respecto ás previsións. Superáronse totalmente.

Coa crise socioeconómica e sanitaria, **facían falta instrumentos rápidos ao servizo dos movementos sociais e da economía social e solidaria para encher os baleiros que a emerxencia deixou en evidencia**. Neste sentido, algunhas das iniciativas onde participou a fundación quixeron pór freo ao impacto da pandemia e outros quixeron reforzar as maneiras de facer propias da ESS, que xa teñen un longo percorrido.

No inicio do ano, houbo varias campañas previstas para arrincar de novo o traballo da fundación. Como a de **Gazpacho Gitano**, que se estivera cociñando a lume lento desde antes da implosión da pandemia, pero que se tivo que repensar tendo presente o contexto. A campaña impulsada pola Asociación Cultural Gitana Vencedores, Coop57 Andalucía e a fundación, recolleu **37.826 euros con 425 doazóns**. Desde o pasado novembro, a cociña industrial comunitaria xa está en funcionamento, ofrecendo comidas para 70 fogares.

Pero o groso do traballo desenvolvido pola fundación en 2020 foi de resposta directa á crise socioeconómica sanitaria, intercooperando con axentes do cooperativismo e colectivos de base. Fíxose un tecido cunha trintena de entidades redes da ESS catalá, vasca e andaluza, retomando alianzas históricas –con Òmnium Cultural, ECAS e Som Energia, por exemplo– e construíndo novas.

Fixéronse varias campañas en intercooperación, cun total de **4.318 achegas recibidas**: a de Bizihotsa (68.168,02 euros), o Fons Cooperatiu ESS (95.096,26 euros) e o Projecte Lliures (282.401,09 euros). No cuarto trimestre, no marco dunha campaña para aumentar a base social da Fundación Coop57, **recolléronse 40.858,97 euros con 184 doazóns, que contribuíron a fortalecer a organización interna e o despregue da fundación.**

Con todo o volume de achegas xestionadas, apoiáronse 94 iniciativas, das cales 74 foron para dar resposta directa á emerxencia sociosanitaria. Contouse con iniciativas do ámbito da alimentación comunitaria e da vivenda (39 proxectos); coidados comunitarios (12 iniciativas); a produción de material de protección contra a Covid-19 (9); a inclusión de novos protagonismos na ESS (5); a alfabetización popular (3); o dereito á vivenda (3); o acceso á información comunitaria (2); e da cultura autoxestionada (1). Achegáronse recursos para apoiar a solidez financeira de doce proxectos. Ademais, déronse recursos para oito iniciativas no marco de El Germinador Social, o concurso que quere promover a transición enerxética.

Para 2021, é cabal consolidar unha base estábel de doazóns periódicas para a Fundación Cop57, que facilitaría as condicións de solidez necesarias para continuar xerando alianzas, para continuar abrindo portas ao servizo dos proxectos colectivos e para apoiar proxectos transformadores de base que xa están xerando transformación social.

Por todo isto, será necesaria a implicación de todo o mundo para fortalecer a nosa fundación: a de todas as persoas e entidades que conformamos Coop57.

Campaña Gazpacho Gitano
Asociación Cultural Gitana Vencedores e Coop57 Andalucía
37.726,99 €
425 DOAZÓNS

Campaña para augmentar a base social da Fundación
Base social de Coop57
40.858,97 €
184 DOAZÓNS

Caixa de resistencia Bizhotsa
con 19 colectivos feministas, antirracistas e redes cooperativas de Euskal Herria
68.168,02 €
801 DOAZÓNS

Fons Cooperatiu ESS
con 19 entidades e redes da ESS catalá
95.096,26 €
406 DOAZÓNS



Projecte Lliures
con ECAS e Òmnium Cultural
282.401,09 €
3.111 DOAZÓNS

"Estamos obrigados a non perder nunca a esperanza".
[Arcadi Oliveres]

coop57 SCCL
servizos financeiros, éticos e solidarios